

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO naceu en Vigo no ano 1952. Exerce como mestre de Ensino Primario e Primeiro Ciclo da ESO nun Colexio desta cidade.

Colaborou nas páxinas literarias e pedagóxicas dos xornais e revistas máis prestixiosos de Galicia así como en diversos proxectos literarios con carácter reivindicativo.

Crítico e especialista en literatura infantil e xuvenil, imparte cursos de animación á lectura, creación literaria, obradoiros de poesía, másters e conferencias, e ten participado en xornadas didácticas e literarias promovidas por distintas institucións

Durante oito anos dirixiu unha prestixiosa colección literaria para a mocidade, é autor de libros de texto e foi membro do xurado en importantes Premios literarios para rapaces/as.

Varios dos seus libros foron incluídos nas Listas de Honra da CCEI e da revista CLIJ.

Gañou o Premio Merlín en 1996 con *Na fogueira dos versos*, libro co que entrou na Lista de Honra do IBBY (1998) e foi finalista do premio Nacional (1997). En 1998, un xurado internacional concedeulle o Premio Europeo Pier Paolo Vergerio, promovido pola Universidade de Padua, considerado un dos máis prestixiosos galardóns literarios de Europa.

No VI Simposio de Literatura Infantil e Lectura da FGSR o seu libro *Versos de agua* (en galego *Cacarabín, Cacarabón*) foi elixido entre Los 100 del Siglo XX.

O seu libro de relatos *Trala liña do horizonte* foi elixido como libro asociado do “Fórum Barcelona 2004”.

Gañou no ano 2006 o I Premio Illas Sisargas de Poesía erótica co seu libro *Arredor do teu corpo*.

En 2007 gañou o Premio de poesía infantil “Luna de aire” convocado polo CEPLI / Universidade de Castela-A Mancha, co libro *Estelas de versos*, escrito en colaboración co escritor Rafael Cruz-Contarini.

O seu libro *Un rato díxolle á lúa* recibiu o premio Fervenzas Literarias en 2014.

O libro compartido con Antonio Reigosa, *Lendo lendas, digo versos* recibiu o premio á mellor iniciativa bibliográfica na I Gala do Libro Galego.

Así mesmo, os seus poemas figuran en múltiples antoloxías (e libros conxuntos) tanto en galego coma en castelán ou catalán en España e Latinoamérica. Algúns deles foron musicados por distintos grupos de Galicia e por músicos da categoría de Antón Seoane, Mamá Cabra ou Paco Ibáñez, e son motivo de rigorosos estudos críticos.

Como tradutor ao galego leva realizado diversos traballos dentro do eido literario infantil e xuvenil.

Dirixiu o programa radiofónico de música e poesía *Os sons do silencio*.

Durante un tempo foi columnista do semanario “A Nosa Terra” onde escribía sobre lectura, literatura infantil, ademais de artigos de diversa índole.

Dirixe o blog-revista “Versos e aloumiños”.

BIBLIOGRAFÍA

NARRATIVA:

- # A chave dos sonhos (1988). Ed. Galaxia (Árbore)
- # Noa (versións en euskera, catalán, aranés, castelán). (1989). Ed. Galaxia (A chalupa)
- # A teima de Xan (1991). Ed. Sotelo Blanco
- # Antón e a paxariña de papel (1991). Xunta de Galicia
- # O cabalo de cartón (1992). Ed Luis Vives (Ala Delta)
- # O monicreque de Alicia (1992). Xunta de Galicia
- # Fantasía en Re Maior (1994). Ed Luis Vives (Ala Delta) / (Catavento, nova edición)
- # Sempre quente o sol (1994). Ed. Alfaguara (Obradoiro)
- # Ó outro lado da esquina (1996). Ed. Bruño (Altamar)
- # Ladrándolle á Lúa (1997). Ed. Sotelo Blanco
- # O carrusel (1997). No libro “E dixo o corvo” (H. Xeral Galicia/Xunta de Galicia)
- # En voz baixa (1998). Ed. Xerais (Fóra de xogo)
- # Cara a un lugar sen nome (1998). Ed. Sotelo Blanco
- # Verbas de sal (2001). No libro “Un saquiño de contos”. Ed. Xerais (Merlín)
- # Os peixes de cores (2002). Ed. Xerais (Merlín)
- # Trala liña do horizonte (2002). Edelvives. Tambre (Catavento)
- # As lentes de John Lennon (2004). No libro “Postais do camiño” (Ed. Galaxia)
- # Honorato, o rato namorado (2004). No libro “Contos de cabuxas, ratos, libros e casas” (Xunta de Galicia)
- # A teima de Xan (nova edición revisada) (2005). Ed. Galaxia (Árbore)
- # Honorato, o rato namorado (2007). Ed. Xerais (Merlín)
- # Cos ollos na lúa (2010). Ed. Everest Galicia (col. Ler é vivir)
- # Verbas de sal. (2011). Ed. Xerais. Col. Merlín
- # A nena do parque (2014). Ed. Embora

Detrás del horizonte (2015) Ed. Belagua
Raiolas de sol (2016) E. Galaxia. Col. Costa Oeste

POESÍA (INFANTIL):

Coplas (1988). Ed. Galaxia (Tartaruga)
Nenos (1988). Ed. Galaxia (Tartaruga)
Aloumiños (1988). Ed. Galaxia (Tartaruga)
As catro estacións (1991). Ed. Galaxia (Árbore)
Versos de agua (1989). Ed. Luis Vives (Ala Delta)
Cacarabín, cacarabón (en castelán “Versos de agua”) (1991). Ed. Luis Vives (Ala Delta)
Ventos (1992). Ed. Xerais (Merlín)
Poemas do Sol e da Lúa (1992). Xunta de Galicia.(No libro “Trazos, trozos e retrincos”)
Volando por las palabras (1992). Ed. Luis Vives (Ala Delta)
Lueiro de papel (1995). Ed. Xerais (Merlín)
Na fogueira dos versos (1996). Ed. Xerais (Merlín)
Al hilo de la palabra (1998). UCETAG
Al hilo de la palabra (1998). Ed. Hiperión (Ajonjolí)
Unha chea de aloumiños (1998). Ed. Galaxia (Árbore)
A fala das pombas que falan (1999). Xunta de Galicia (col. “A maxia das palabras”)
As verbas que fan o camiño (1999). No libro “Imos xuntos camiñar”. Xunta de Galicia
Caderno de fume (1999). Ed. Anaya (Sopa de Libros)
Palabras envoltas en cancións (2000). Ed. Galaxia (Sete Mares)
Aire sonoro (2001). Ed. Ir Indo (Contacontos). Próxima edición en Ed.Xerais de Galicia.
¡Ai, canto falan as pombas que falan! (2002). Ed. Ir Indo (Contacontos)
Paseniño, paseniño (2003) Ed. Everest/Galicia. (Col. Rañaceos)
Bicos, bicos... e máis bicos (2003). No libro “Para cantar e contar”. Xunta de Galicia

- # Bicos na voz / Besos en la voz (2004). Col. Caracol. Diputación de Málaga
- # Varios poemas no libro conxunto “Los poemas de Pillo” (2004). Ed. S.M.
- # Chove nos versos. Ed. Xerais (2004)
- # Cuentos y poemas para un mes cualquiera (2005). En colaboración con Jordi Sierra i Fabra. Ed. Planeta & Oxford. (Camaleón)
- # Participación no libro conxunto “Don Quijote cabalga entre versos” (2005).Ed. Everest (Rascacielos)
- # Trobalinguas (catro poetas en catro linguas) (2005). Edita Amigos del Libro de Madrid
- # Cando caen as follas. Ed. Everest (2006). Col. Punto de encontro
- # Versos con alas. Lynx Edicións (2006). Col. Alas de papel
- # Todo es soñar. Brosquil Ediciones (2006). Col. Tus versos
- # Petando nas portas de Dylan (2007). Ed. Galaxia. Col. Árbore
- # Á sombra do lueiro de papel (2007). Ed. Everest-Galicia.
- # El río va recitando (2008) Ed. Gente Nueva (Cuba)
- # Estelas de versos (2008) en colaboración con Rafael Cruz-Contarini, CEPLI-UCLM. Col. Luna de Aire.
- # Bolboretas no papel (2008) Ed. Tambre-Edelvives. Col. Ala Delta
- # Viene el río recitando (2008) Ed. Algar. Col. Calcetín
- # Besos, y no balas (incluido en *Atlántico. 30 historias de dos mundos*) (2008). Ed. Norma (Colombia)
- # As palabras están a mirarse arredor da mesa (2009) Ed. Everest-Galicia. Col. Punto de Encontro
- # Trobapaz (cinco poetas en cinco linguas). (2009). Universidad de Jaén.
- # Cuentos y poemas para un mes cualquiera (edición en galego e castelán). (2010). Ed. Oxford. Col. El árbol de la lectura
- # Recendos de aire sonoro (2011) Ed. Xerais de Galicia. Col. Sopa de libros.
- # Queda la música (2013). Ed. Amigos de papel
- # Un rato díxolle á lúa. Antoloxía poética (2013). Premio Fervenzas literarias. Ed. Xerais. Col. Milmandas

- # En la cuna del mar (2015). Ed. Creotz. Col. Hilo de cometa
- # Lendo lendas, digo versos (2015) en colaboración con Antonio Reigosa. Ed. Xerais. Col. Milmandas.
- # Palabras do mar (2015). Ed. Embora. Col Fardel dos sonhos
- # Poemar o mar (2016) E. Xerais. Col. Merlín.

PROSA POÉTICA:

- # O que ven os ollos dos nenos (2000) Ed. Xerais

POESÍA (ADULTOS):

- # Parolando coa vixencia (1987)
- # Retorno ós lamentos (1988). Ed. Xerais
- # Nos mares diversos (1999). UCETAG
- # Na agonía dos outonos en silencio (2002). Edicións do Castro
- # Polo camiño do incerto (2004). Edicións do Castro
- # Parolando coa vixencia (2006) Edición non venal. Aumentada e revisada polo autor
- # Arredor do teu corpo (2007). Asociación Caldeirón / Concello de Malpica
- # Presenzas marcadas (2007). Editorial Follas Novas

ESTUDIOS E ANTOLOXÍAS:

- # Celso E. Ferreiro para nenos (1988). Ediciones de la Torre (Alba y mayo)
- # Celso E. Ferreiro. Estudio e Antoloxía (1989). Ed. Xerais
- # Os nosos versos (1998). Ed. Anaya (Sopa de libros)

DIDÁCTICA:

- # O libro na escola. As bibliotecas escolares e de aula (1989). Consellería Cultura (Andel)
- # Disfrutar escribindo. A narración e a poesía nas aulas (1990). Ed. Galaxia (Ágora)
- # A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula (2009) Ed. Galaxia. (Biblioteca de intervención social/Didáctica)